ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE:

- **Teléfono de información ás mulleres: 900-400.273**
- **Oficinas de I + B**

AS PONTES
Antiga oficina de correos
Avda. de Castelao, nº36-1ª planta
15320 As Pontes. A Coruña

CARBALLO
Casa da Xuventude
Valle Inclán, nº24 1ª
15100 Carballo. A Coruña

MONFORTE
Edif. "Casitas" dos Escolapios.
Campo da Compañía s/n Baixo
27740 Monforte. Lugo

O CARBALLIÑO
Rúa Cerca, nº2 Baixo esq
32500 O Carballiño
Ourense

GONDOMAR
Rúa Emigrante nº 4 -6
36 380 Gondomar
Pontevedra

O PORRIÑO
Edif. Multiusos de Torneiros.
Rúa Riveira s/n
36410 O Porriño. Pontevedra

As = Os

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES
SECRETARÍA GENERAL DE POLÍTICAS DE IGUALDAD
DELEGACIÓN ESPECIAL DEL GOBIERNO CONTRA LA VIOLENCIA SOBRE LA MUJER

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCE
IÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS S
ESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓN
SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCES
IÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS S
ESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓN
SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCES
IÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS S
ESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓN
SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCES
IÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS S
ESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓNS SUCESIÓN

SUCESIÓNS

XUNTA DE GALICIA

SUCESIÓNS

Se unha persoa falece tendo outorgado testamento, falamos de sucesión testada e, se non o fixo, falamos de sucesión intestada. Para coñecer se unha persoa outorgou testamento, podemos solicitar, unha vez que esta falece, un certificado de actos de última vontade, na Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza, mediante a presentación dun impreso acompañado dun certificado literal de defunción do falecido.

A) SUCESIÓN TESTADA

1. Funcións do testamento

O testamento serve para manifestar a nosa vontade acerca de como queremos que os nosos bens se repartan tras a nosa morte. Tamén se poden designar no testamento as persoas que queremos que se fagan cargo dos nosos fillos/as menores se falecemos, e as persoas que queremos que se encarguen de repartir os nosos bens entre os herdeiros/as.

2. Algunhas clases de testamentos

2.1. Testamento aberto ordinario: é o testamento que se outorga ante notario. Este testamento pode ser individual cando o outorga unha soa persoa ou mancomunado cando o outorgan dúas ou máis persoas nun único documento notarial.

2.2. Testamento por comisario: é aquel en que un dos cónxuxes lle cede ao outro a facultade de testar no seu nome. O comisario, ademais das lexítimas, debe respectar as disposicións do cónxuxe que lle atribuíu esa facultade.

3. Pactos sucesorios

As persoas maiores de idade con plena capacidade de obrar poden outorgar en escritura pública pactos sucesorios.

Son pactos sucesorios os de mellora e os de apartación:

Pacto de mellora: por este pacto acórdase que a un determinado descendente se lle faga entrega dun ben concreto.

Pacto de apartación: é un pacto sucesorio entre ascendentes e descendentes polo que o/a ascendente lle adxudica en vida a titularidade de determinados bens a un/unha descendente e este xa quede excluído/a da súa condición de herdeiro/a forzoso/a na herdanza.

4. O usufruto do cónxuxe viúvo

Os cónxuxes poden pactar atribuírse mutuamente o usufruto sobre o total ou parte da herdanza.

A persoa que recibe o usufruto non adquire a propiedade dos bens da herdanza, senón que o seu dereito se limita a gozar deles con carácter vitalicio, con obriga de conservalos, percibindo todos os seus froitos ou rendas. Pero non pode vendelos.

Queda sen efecto en caso de nulidade do matrimonio, separación ou divorcio.

Tamén se extingue cando o cónxuxe usufrutuario contrae novo matrimonio ou convive maritalmente con outra persoa, salvo que o cónxuxe falecido establecese unha disposición en contra.

5. As lexítimas

Lexítima é a porción de bens de que o/a testador/a non pode dispoñer por llela ter reservada a lei a determinados herdeiros/as, chamados herdeiros forzosos ou lexitimarios.

Son lexitimarios:

1º Os fillos/as ou descendentes.

2º O cónxuxe viúvo non separado legalmente ou de feito.

Constitúe a lexítima dos fillos/as ou descendentes a cuarta parte do valor da herdanza.

Constitúe a lexítima do cónxuxe viúvo:

a) Se existen descendentes, o cónxuxe viúvo terá dereito ao usufruto vitalicio da cuarta parte do valor da herdanza.

b) Se non existen descendentes, o cónxuxe viúvo terá dereito ao usufruto vitalicio da metade do capital.

B) SUCESIÓN INTESTADA

Se a persoa non outorgou testamento, os herdeiros/as que sexan ascendentes, descendentes ou cónxuxe deberán tramitar ante un notario do lugar onde o falecido/a tivese o seu último domicilio unha acta de declaración de herdeiros. En caso de que os herdeiros/as non sexan ascendentes, descendentes ou cónxuxe, a declaración de herdeiros deberá tramitarse ante o xuíz/a.

No caso de que existan fillos/as, herdarán por partes iguais. Se existen fillos/as e ademais descendentes de fillos/as falecidos con anterioridade, eses descendentes herdarán por partes iguais a parte que lle correspondese herdar ao seu pai/nai. Todo iso respectando sempre a lexítima do cónxuxe sobrevivente.

En caso de non existir descendentes, herdarán os/as ascendentes, respectando a lexítima do cónxuxe sobrevivente.

- O pai e a nai herdarán por partes iguais.

- No caso de que sobreviva tan só o pai ou a nai, este/a sucederá ao fillo/a en toda a súa herdanza.

- De faltaren pai e nai, sucederán os/as ascendentes máis próximos/as en grao (avós/as).

En caso de que non existan descendentes nin ascendentes, herdará o cónxuxe sobrevivente.

En defecto de todos os anteriores, herdarán os/as irmáns/ás e fillos/as de irmáns/ás con preferencia aos demais colaterais.

Se non existisen persoas que teñan dereito a herdar de acordo co establecido anteriormente, herdará a Comunidade Autónoma de Galicia.

C) O IMPOSTO DE SUCESIÓNS

O imposto págao cada un/unha dos que reciban algo na herdanza.

A contía do imposto depende de varios factores, sendo os máis determinantes a valoración dos bens que se reciben, o parentesco co falecido/a ou o patrimonio que posúa quen herda.

O prazo para pagar o imposto é de 6 meses desde o falecemento, aínda que existe posibilidade de solicitar un aprazamento. Se non se fai e pasa o prazo, Facenda cobrará a recarga correspondente.

Para pagar o imposto hai que presentar o modelo de autoliquidación, onde se farán constar, en termos xerais, os datos do falecido/a e dos herdeiros/as, a relación de bens e o seu valor económico.

Se na herdanza existen bens inmobles urbanos, tamén haberá que pagar respecto destes o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (a chamada "plusvalía"), para o que haberá que acudir ao concello do lugar no que se atope o inmoble.

"Equipáranse ao matrimonio as parellas de feito, co que se estenden aos membros da parella os dereitos e obrigas que a lei lles recoñece aos cónxuxes"